



AXUDAS DE APOIO A NATALIDADE 2021

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 28 de xullo de 2021 publícase a convocatoria das axudas en apoio a natalidade 2021

O prazo de presentación de solicitudes é de doce meses dende o día seguinte ao que se produciu o nacemento ou acto de adopción ou acollemento e rematará o 20 de decembro deste ano.

(o prazo de solicitude está aberto)

Beneficiarios: empadroados/as no Concello de Vilasantar que se convirten en pais e/ou nais a través do nacemento, adopción ou acollemento dun/dunha fillo/a sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Cando menos un dos proxenitores deberá atoparse empadroado, e polo tanto residir, no Concello de Vilasantar cunha antelación mínima de seis meses á data do parto ou acto de adopción ou acollemento.
- Os/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as deberán ser inscritos no padrón de habitantes do Concello de Vilasantar.
- Os proxenitores, ou polo menos un deles, deberán comprometerse a permanecer empadroados no concello de Vilasantar, do mesmo xeito que o seu fillo/a, durante un período mínimo de un ano tras o nacemento deste. Esta circunstancia deberá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando os informes que procedan.

Documentación a presentar:

- Fotocopia do libro de familia e do DNI do solicitante
- Copia do auto xudicial de adopción de selo caso
- Compromiso de seguir empadroados no Concello de Vilasantar por un período mínimo de 1 ano.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- Certificación dos datos bancarios para ingresar o importe da axuda, de selo caso.
- Autorización para a consulta dos datos persoais do padrón de habitantes do Concello aos efectos da comprobación do efectivo empadramento das persoas solicitantes.

Vilasantar, 2 de agosto de 2021
O alcalde
Fernando Pérez Fernández

